



O equipo de goberno de Nigrán presentou á comisión informativa previa ao pleno da próxima semana un expediente que estaba pendente de resolución dende o mandato de Efrén Juanes, para proceder ao pago de 315 mil euros, á concesionaria da recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza pública CESPAS S.A, anunciou Alberto Valverde. A cantidade é o resultante da revisión de prezos e atrasos correspondentes aos anos 2008, 2009 e 2010, informou o alcalde.

Ademais existen outros expedientes en idénticas condicións, asegurou Valverde, como unha actualización de prezos coa concesionaria do abastecemento de auga, AQUALIA, que pode supor para o concello de Nigrán ter que pagar unha cantidade “importante”; o expediente de dietas pendentes a funcionarios municipais que aprobou o actual goberno municipal no último pleno por un importe superior aos 18 mil euros; pagos pendentes con provedores que a administración estuda resolver cun recoñecemento extraxudicial de créditos; estudos e proxectos pendentes de pago, etc.

Logo de informar que o incremento da débeda municipal é de case 5,5 millóns de euros, Valverde salientou que a isto únese o enorme incremento do custo desa débeda que pasa duns 660 mil euros anuais a case 1 millón de euros a partir do 2012, o que segundo o rexedor , *“es un auténtico mazazo para la economía municipal que nos obliga a tener que buscar fórmulas casi mágicas para reducir esa deuda contraída durante años anteriores ”*.

## **Nigrán deberá pagar 315 mil euros á concesionaria do lixo por tres anos de atrasos na revisión de prezos**

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Sábado, 24 Setembro 2011 01:31

---

Alberto Valverde queixouse que *“mientras unos (PSOE Nigrán) hablan de su brillante gestión económica durante su época de gobierno, otros en la actualidad tenemos que hacer frente a sus atrasos, a esos asuntos pendientes que han dejado atrás”*.